

Antón Figueroa: “Un grande escritor non o é unicamente por razóns literarias”

Ana Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, ANA (2011 [2011]). “Antón Figueroa: ‘Un grande escritor non o é unicamente por razóns literarias’”. *Protexa*: 17, 26-27. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1414>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, ANA (2011). “Antón Figueroa: ‘Un grande escritor non o é unicamente por razóns literarias’”. *Protexa*: 17, 26-27.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Antón Figueroa

«Un grande escritor non o é unicamente por razóns literarias»

Hai unha xeración de filólogos para quen a ollada sobre as tensións literarias se quixo situar, de vez e para sempre, lonxe da inxenuidade. Pasaron pola aulas de Antón Figueroa (Chantada, 1943), pensan no percorrido de dez anos desde *Nación, literatura, identidade*, porta para a teoría dos campos sociais. Len *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Laoivento, 2010) e atopan de novo o teórico que posibilitou a identificación de mecanismos de poder nos que nunca repararan. Neles afonda este fío de conversa co autor de *Diglosia e texto*. // Ana Salgado // Foto: Tamara de la Fuente

ProTexta. Nas páxinas de *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* repara nas conexións entre antiintelectualismo e populismo. Cal é para vostede a necesidade da teoría?

Antón Figueroa. A teoría permite a reflexión formal, aquela que está na base das estratexias de autonomía e é o contrario dunha falsa seguridade que ás veces procede da ideoloxía. A ideoloxía é unha maneira de imaxinar o mundo, a vida, que condiciona e que escusa a reflexión, que finxe garantir unha calidade e en realidade garante un poder simbólico derivado da participación nese mundo ideolóxico. A reflexión é un antídoto contra a facilidade ofrecida pola ideoloxía.

P. Como chega, desde o estudo da literatura francesa, a interesarse polo noso campo literario?

A.F. Probablemente haxa tamén detrás unha cuestión ideolóxica, pero obxectivamente o galego é un campo de experimentación e de verificación extraordinario, moi activo en termos relativos, un campo particularmente tenso onde se vive a concorrencia, a loita literaria, política. Todos os fenómenos arredor da autonomía ou da heteronomía aparecen magnificados. É algo complexo, porque o feito de que a literatura teña unha función política, unha tendencia á heteronomía, faina activa.

P. Nos seus dous últimos libros o peso dos estudos de Bourdieu sobre os campos sociais é significativo. Que atopou na obra deste sociólogo?

A.F. Encontrei algo que me cambiou a maneira de pensar e, en certo modo, de vivir. Descubres cousas que moitas veces son inconscientes, o que a vida ten de interese, de loita, identifícas como mecanismos de poder feitos que antes che parecían inocentes, tes a impresión de estar mellor situado no mundo. E isto en Galicia é particularmente interesante, posto que se exhibe sempre unha loita desinteresada. No campo ideolóxico tradicional ocorre isto, pero sucede tamén no campo marxista. E Bourdieu axúdache a descubrir aí mesmo intereses de todos nós.

P. E en relación coa teoría dos polisistemas, á que tamén ten acudido?

A.F. A teoría dos polisistemas serviu aquí para suprimir aquel imaxinario que vía os autores como cromos dun catálogo, pero paréceme que a teoría do campo, sobre todo a través do concepto de heteronomía e autonomía, relaciona o feito literario co mundo social. Un grande escritor non o é só por razóns literarias, e é moi importante identificar os factores heterónomos que inflúen na arte. Por iso penso que a teoría do campo vai máis aló, é moito máis lábil, moldeábel, porque o campo está sempre aí e logo vanse separando os diversos sectores. Cando empeza a autonomía sempre hai tendencia á diversificación, unha proba é que os líderes dos anos 20 eran políticos, escritores ou artistas, mentres que os actuais tenden a ser só escritores ou só políticos.

P. A estratexia do interese no desinterese, maniféstase entón aquí dunha forma particular?

A.F. O interese no desinterese é unha constante, unha norma do campo, todo o mundo fala dun certo desinterese económico, porque hai unha contradición entre economía e arte. Pero hai tamén un interese que funciona no campo de produción restrinxido, e que se basea na obtención de recoñecemento público. Incluso os sectores máis feroces do poder económico ou político intentan obter parte do capital simbólico tirándoo do campo de produción cultural. Iso explica que un banco dea bolsas para estudantes, algo que en principio estaría contra os seus intereses económicos.

P. Sen tensións –artísticas, ideolóxicas, teóricas– non hai campo?

A.F. Falei sobre isto en *Diglosia e texto* dun estadio épico, de grupo. Cando falo de ideoloxía non o fago en contra da ideoloxía, esta é necesaria e socialmente funcionou como soporte dunha política de reconstrución do campo cultural galego. Pero o campo político utiliza moitas veces elementos artísticos, e aí entramos nunhas estratexias diferentes.

P. Os tres momentos da historia literaria en que se detén son Nós, La Noche e a Nova narrativa. Por que?

A.F. Porque son tres momentos particularmente significativos, e teñen características comúns. Tamén tra-

taba de ver se funcionaba certo modelo: a procura da autonomización a través da teoría, do diálogo co estranxeiro e da busca formal dáse nos tres casos.

P. É posible cuantificar algo que aborda no libro, as consecuencias para a vangarda da Francia ocupada ou do fascismo do 36 aquí?

A.F. Foi un desastre inmenso. Interesoume un detalle que saquei dun libro de del Riego en que conta que se fixera xa unha asociación de escritores. Había un comezo de institucionalización e todo se foi abaixo. Nos anos da posguerra tes a sensación de que todo se esquecera, pérdese a capacidade de concorrencia. O interesante da vangarda foi que se estableceu un diálogo literario co estranxeiro no que se importaron formas, non era só un diálogo político, e todo iso quedou completamente varrido. Retómase na Xeración da noite pero, aínda que a referencia a Manuel Antonio estaba bastante viva, Mourullo non era Manuel Antonio, pasaran moitos anos.

P. A conformación dunha meirande autonomía no noso campo literario é progresiva?

A.F. Si, houbo unha autonomización progresiva, quitado o cataclismo da guerra, pero sempre pasa así. Hoxe a literatura galega é un mundo moi autónomo e bastante diversificado, o teatro é un mundo á parte, a poesía, a novela tamén. Tanto é así que creo que na poesía galega hai unha moi grande autonomización, algo que pode levar a non escribir máis ca para teóricos, críticos ou colegas. Non sei se non se restrinxiría o público, porque de entrada parece que Curros, Ponal ou Rosalía tiñan máis. Hai un problema de lexibilidade: para ler hoxe poesía hai que ter lida moita poesía.

P. “Unha cultura non se fai gabándoa”, esa frase de Manuel Antonio, mantén aínda a súa vixencia?

A.F. Manuel Antonio viña a dicir aí que é necesario conseguir novidade nese mundo tan duro que é o traballo sobre a linguaxe. Non se fai gabándoa, pero iso non quere dicir que un hipotético poder político non poida favorecer que aumente o número de lectores, que estes se interesen pola cultura. Hai un espazo para a política, respectando a autonomía. Os conse-



lleiros e os ministros de cultura moitas veces confunden os papeis. Un político non é un axente da cultura, ten que facilitar que as persoas participen, pero a partir de aí o seu papel tería que parar.

P. A reflexión sobre a planificación cultural vese nas páxinas dedicadas ao traballo de Fernández del Riego.

A.F. Recorrín á revista *Nós* e a outras da época, tamén a *La Noche*, e aí del Riego ten un papel importante, penso que é o planificador menos influenciado pola ideoloxía e o que máis respecta os escritores. Non vexo que imponha regras, hai un artigo seu do ano 27 sobre a idea que tiña da literatura que é extraordinario. E logo está a estratexia que utiliza na posguerra, sempre aberta, e a perspicacia, o atrevemento, por exemplo cando publicou aquela antoloxía só de autores que escribían en galego e que tanta polémica causou.

P. Por que establece unha equivalencia entre homologación internacional e existencia para a literatura?

A.F. É absolutamente capital, os países e as culturas existen porque son recoñecidos, existimos relacionándonos. Se es recoñecido fóra tamén o es aquí, iso funciona como argumento político dentro, e xa o vía Risco. Hoxe les o periódico e ves “tal artista galego triunfou en tal sitio”. Por que aparece esa noticia?, que se espera dos lectores? Pois iso, dicir que existimos.

P. Pero cando se fala de internacionalización fálase ás veces só de industria do libro.

A.F. Iso é un perigo. Estar en pé de igualdade co mundo é ter a mesma relación coa cultura que teñen os demais, e aí habería que mellorar. Está pendente unha política cultural sería en Galicia. Penso na Francia da posguerra con Malraux de ministro, as casas da cultura, os teatros nacionais, houbo unha renovación

cultural nun país relativamente atrasado, aínda con bastante analfabetismo. En Cataluña ou no País Vasco están facendo políticas culturais moi positivas, mentres que aquí hai unha política cultural demasiado folclorizada. Mira o que pasa coa Televisión de Galicia, con ese tipo de humor horrible. É tremendo.

P. Di que a estratexia de distinción sempre caracteriza os feitos de estilo. Como se pode conxugar iso cun pensamento igualitario?

A.F. A distinción é un fenómeno xeral, ao que non sei se se lle poden poñer cualificativos éticos. Cando reflexionei sobre a posición de Manuel Antonio vin que el e Bal y Gay tiñan unha teima, o horror ao tópico, que identificaban cunha ideoloxía tradicional, non reflexiva. A distinción é un mecanismo fundamental nos feitos de estilo, unha boa metáfora ten que ser diferente. É un fenómeno semiótico elemental, que aparece en todos os

lados, na moda, na maneira de falar. Na idea que ten Bourdieu do intelectual, está o artista ou o científico que intervén e pon o seu saber ao servizo da causa pública. Creo que unha cousa é o igualitarismo no sentido da dignidade, que todos temos que reivindicar, e outra que todas as persoas fagan os mesmos roles na sociedade.

P. Nas conclusións do libro nega que intervir ou escribir sobre temas políticos sexa un signo de heteronomía. Segue tendo peso o discurso que aludiu aos excesos do socialrealismo?

A.F. Si, porque o tivo. A ideoloxía tradicional, que serviu de base para a reconstrución da cultura galega nos anos 60, aparece imbricada con outra de orixe marxista, e aí tamén había unhas regras da arte. Aínda que non se pode simplificar, eran basicamente as do realismo socialista. Iso aquí tivo unha transcendencia que está en parte por estudar, había autores que eran recriminados por escribir de determinada maneira, outros que eran acusados de elitistas. Non me atrevo a dicir que isto desaparecese, porque na crítica estanse valorando aínda as posicións políticas dos escritores. E non me refiro a que un escritor teña opinións políticas, a cuestión está en ver ata que punto as opcións políticas poden dar un certo creto simbólico con independencia das razóns artísticas. E iso formúlase hoxe, aínda que non coa mesma vixencia. Penso que os escritores se senten moito máis libres.

P. Se escribise unha continuación deste libro, que períodos atendería?

A.F. A véspera da recuperación da democracia, eses anos 70, a partir da fundación da UPG e do PSG. Habería que ver como nesa etapa funcionou unha certa presión ideolóxica, como a solucionaron os artistas e que resultado tivo para o seu recoñecemento público. O artista enfrontado a isto sempre busca unha solución. Penso nos que coñezo de Francia, o poeta Luís Aragón, membro do PC durante toda a vida, que se amañou para definir o realismo socialista á súa maneira, ou en Picasso que tamén se amañou para dicir “respéctasme e sigo sendo do partido”, o que producía un aproveitamento mutuo do poder simbólico.